

O CiTIUS lanza 'Mentes Singulares', un novo videopodcast multiplataforma producido integramente no centro

mércores, 22 decembro, 2021 - 14:01

O proxecto nace coa vocación de crear un espazo de opinión e debate sobre cuestións relacionadas coas principais liñas científicas do CiTIUS, poñendo de relevo o labor desempeñado polas persoas que traballan no Centro de investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O CiTIUS despide o ano 2021 apostando por un novo formato de comunicación, producido na súa totalidade polo centro: el videopodcast 'Mentes singulares', un novo espazo de opinión, debate e divulgación, nace co obxectivo de impulsar as voces da comunidade científica no ámbito das tecnoloxías intelixentes. O podcast viu a luz recentemente cun primeiro programa sobre supercomputación, que abre a temporada dando a benvida a un invitado de honra: Mateo Valero, fundador e director do *Barcelona Supercomputing Center (BSCC-CNS)* e un dos investigadores máis reputados a nivel internacional no ámbito da computación de altas prestacións.

«Trátase dun formato que ano tras ano vai adquirindo máis e máis relevancia nas canles dixitais», afirman os seus creadores. A innovadora proposta xorde como parte dun proceso de transformación e renovación co que o CiTIUS pretende adaptarse aos novos formatos e medios dixitais: «cremos que era o momento de apostar por unha imaxe máis coherente co contexto actual, dominado polas narrativas *transmedia* e a linguaxe dixital», explican desde a dirección do centro de investigación da USC.

Información, reflexión e debate



Mentes Singulares non afrontará unicamente o reto de entreter ao público interesado nas diferentes temáticas que se debaterán ao longo da temporada (intelixencia artificial, deseño microelectrónico, realidade aumentada, etc.), senón que aspira a converterse, tamén, nun altofalante de prestixio para a comunidade científica. Para logralo, tomará como punto de partida cuestións de máxima actualidade relacionadas con distintos labores de investigación actualmente activas no CiTIUS.

Cunha duración aproximada de entre 45 e 60 minutos, cada programa reunirá rostros do centro xunto a persoas convidadas do mundo da ciencia, as letras, a cultura ou o mundo da empresa. Os programas organizaranse ao redor de temáticas de interese relacionadas coas capacidades e proxectos que se están a desenvolver no CiTIUS (aprendizaxe automática, computación

avanzada, e-Saúde...) e darán pé ao debate e a reflexión sobre cuestións de actualidade de alto interese social.

Para facilitar o acceso a os contidos e favorecer a versatilidade ante os usuarios, *Mentes singulares* foi concibido como un produto *multicanal*, polo que pode seguirse tanto desde a súa plataforma orixinal de vídeo ([Youtube](#)) como a través das principais plataformas de consumo de podcasts ([Spotify](#), [TuneIn](#), [iVoox](#), [Google Podcasts](#) e [Apple podcasts](#)).